

AQUIS ORIGINIS: UNHA MANSIÓN PARA VIVIR AO ESTILO DOS ROMANOS NA GALLAECIA

A natureza do mundo mediterráneo antigo condiciona a natureza da arquitectura propia das elites. Existía desde moi antigo unha comunidade cultural, baseada nunha intensa circulación de homes, ideas e mercancías, constituída na súa esencia polo mundo grego e reforzada na súa cohesión polo helenismo.

Esa unidade fundamental, pese aos conflitos, maniféstase especialmente nas elites sociais integradas nunha cultura que fai referencia a unha civilización común con selo inconfundible de Grecia.

A arquitectura doméstica da época romana reflicte esa realidade. As clases dirixentes adoptan por todas partes un marco que lles permite vivir á romana, como medio para reafirmar o seu prestixio e de subliñar a súa participación na xestión do Imperio.

Calquera burgués do Imperio está convencido de que ten dereito a presumir dunha casa que sexa mostra brillante da súa categoría social e que lle permita cumprir os seus compromisos sociais e mercantís.

A homoxeneidade social e a complicidade política das elites dá á arquitectura doméstica romana unha notable unidade o que significa que a teoría precede á realización. Quen tenta construír unha vivenda parte duns sólidos puntos de referencia para organizar e orientar a construción, para a tipoloxía das distintas salas, para as proporcións desexables e mesmo para principios estéticos.

A villa romana de Baños do río Caldo é probablemente a residencia dun rico e influente home de negocios desde a que interviría na intensa actividade comercial que ao longo do século II d. C. percorría a Vía XVIII, como consecuencia do auxe do comercio de ouro propiciado pola minas das Médulas.



DISTRIBUCIÓN DOS ELEMENTOS ARQUITECTÓNICOS DA CASA

As estancias: área privada e área social

Unha observación do plano da villa permite distinguir marcadamente a área privada da área pública ou de actividade social do *dominus*. A parte privada dos *cubicula* está organizada arredor da *culina*.



A área pública estrutúrase a partir dunha longa galería que ven dar a un vestíbulo, espazo de transición ou solución de continuidade entre a área privada e área pública, onde sobresaen o espazo do *triclinium* e os *balnea*, precedidos dunha sala que ben podería ser unha *exedra*. O romano acostumaba a rematar as reunións do *triclinium* cunha sesión de baños, por iso a arquitectura responde a esta necesidade de dispor a zona de baños xusto a carón das salas de reunión.



Vitrubio coloca o *vestibulum* entre as estancias que, nas mansións da xente de condición social alta, han ser amplas e luxosas. Nel aparecen retratadas as ambicións do propietario e indica a quen se achega ao nivel de quen o vai recibir, xa sexa

cliente, xa hóspede. Aquí os *vestibulum* está precedido dun corredor ou galería de acceso.



Chama a atención neste caso a substitución do *atrium*, característico da casa ítala, polo *vestibulum*, conservando este a función de aquel, como espazo de recepción de visitantes. É preciso que distingamos entre clientes que acoden a render homenaxe a dominus ou a cobrar as súas remuneracións e os que son acollidos na intimidade do dominus. O *atrium* da casa pompeiana serviría para os primeiros, pero non para os segundos, que deberían ser recibidos xa na *exedra*, xa no *triclinium*.

O *vestibulum* estaría reservado as cerimonia de saúdo e recibo de clientes, e a *exedra* que precede o *triclinium* aos invitados máis íntimos do *dominus*, que ten a obriga sagrada de sociabilidade; recibir con frecuencia e ser espléndido.



O *triclinium* é por excelencia o ámbito da vivenda onde o dono constrúe e proclama a súa imaxe de poder e riqueza e a súa concepción da vida.É un espazo de recepción pero tamén dos grandes momentos da vida da casa.

Pero o *triclinium* estaba reservado a grandes ceas, polo que o amo da casa necesita doutra sala (*exedra*) que poida dar servizo para as actividades sociais, culturais ou de negocio, herdando certas funcións do *tablinum* da casa itala tradicional como despacho do dono.



A *exedra* está no corazón da propia casa e é de dimensións máis modestas que o *triclinium*.

[A disposición da zona balnearia](#)

A distribución da arquitectura balnearia resulta clara nos restos da villa de baños do río Caldo: os baños estarían situados sobre unha subestrutura (*suspensurae*) de un dous pés de altura, que descansa sobre filas de piares que están a unha distancia de un pé e medio.



O forno (*hypocaustis*), cun departamento para a leña (*propigneum, praefurnium*) fronte del, ocupaba o centro do establecemento. Desde aquí espallábase o calor ao longo do

A auga fría, tibia ou quente que se necesitaba para os baños viña de tres depósitos situados sobre o forno, unidos entre eles por medio de condutos acanalados de pedra, como moi ben se observan no xacemento

Os cuartos de baño, sobre o basamento, agrupados arredor do forno, a unha distancia maior ou menor, estaban divididos, segundo os diferentes graos de calor, en *tepidaria* (saunas), unidos por unha porta cos *caldaria* (baños quentes), situados preto do forno e ambos con bóveda de canón e ábsida. Non nos parece descubrir espazo para os *frigidaria* (baños fríos). En baños pequenos o última fase levábase a cabo no *tepidarium*.



Pegadas á parede bancadas; unha bañeira plana situada nunha fornela ou ábsida na parte estreita do caldarium estaría chea de auga fría para usala despois do baño quente.

Queremos supoñer que o habitáculo máis estreito que se adiviña tras o *triclinium* puidese ser o *apodyterium* ou vestiario, ou mesmo unhas latrinas, aínda que non hai restos que confirmen este suposto.

En baños grandes, especialmente públicos, habitacións separadas servían para vestirse e espirse (*apodyterium*), fregar o corpo (*detractarium*) e untar aceite (*unctorium*).

As fases da actividade balnearia eran fixas: comezaría no *apodyterium* no que depositaba a roupa, despois untábanse con aceite e facían exercicio físico, se había *palestra*, continuaban cun baño turco no *laconicum*, sitio ideal para suar intensamente, desde aquí acudían á pía de auga quente do *caldarium* e posteriormente a unha zona con pequenas pías de auga tibia, e finalmente rematamos na *natatio* ou pía de auga fría.

(O autor das fotografías que acompañan a este texto é **Javier Rodríguez**)